




Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/11130/2019 08/08/2019

Área / Unidad PERSONAL PE0000 MALB	Documento 10813I031B	
Código de verificación  5205 536E 6E1Y 3K4E 10WN	Expediente 108/2019/348	
	Fecha 08-08-2019	

Asunto: Aprobación da lista derivada do proceso selectivo para a elaboración de listas para a cobertura con carácter interino, de prazas de Técnico/a Superior de Medio Ambiente nos distintos supostos regulados no art. 10.1 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público.

RESOLUCIÓN

1.- Por Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 23/04/2019 resolveuse o seguinte:

1. "Autorizar o nomeamento, dun/dunha Técnico/a Superior de Administración Especial e dun/dunha Técnico/a Superior de Medio Ambiente, como funcionario/a interino/a, para a cobertura das vacantes existentes no Servizo de Medio Ambiente, en base ao previsto no art. 23.2.a) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e no art. 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A duración do nomeamento do/a Técnico/a Superior de Administración Especial será ata a finalización do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de técnico/a superior de administración especial ofertada na oferta de emprego público do ano 2016 aprobada na Xunta de Goberno Local de data 02/12/2016 (BOP 16 de decembro de 2016). E a duración do nomeamento do/a Técnico/a Superior de Medio Ambiente será ata a finalización do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico/a Superior de Medio Ambiente ofertada na modificación da oferta de emprego público do ano 2018 (complementaria da aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/07/2018), aprobada na Xunta de Goberno Local de 30/11/2018 (BOP nº 232, 05/12/2018).

2. As características, dos postos de traballo a cubrir, son as seguintes:

Servizo	Cd. Org.	U.	Unid. Org.	Ref. Pto.	Pto. Traballo	Gr.	N/C	Esc.	RE	Elem. Espec.
M. Amb.	MA3200		Resid. Urb.	1192-1193	T. Residuos	A1	22	AE	F	FR10

3. Para a selección selección das persoas a contratar, e en aplicación da Base Decimoterceira da Convocatoria Unitaria para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios de carreira e persoal laboral convocadas polo Concello da Coruña no ano 2010, proponse realizar unha convocatoria pública mediante anuncio na páxina web municipal (www.coruna.es) e no Boletín Oficial da Provincia (BOP). As bases que rexerán esa convocatoria son as que figuran no Anexo I adxunto a Resolución.

Esta convocatoria pública conforme as bases que figuran no Anexo I consiste na realización dunha selección mediante unha fase de concurso e dunha fase de oposición cun exercicio tipo test. Este sistema de selección ven motivado pola urxente necesidade de cobertura dos posto de traballo vacantes e a situación na que se encontran actualmente os contratos de gran relevancia pública do Servizo de Medio Ambiente como son o contrato de limpeza viaria, o de recollida de residuos sólidos urbanos ou o de tratamento de residuos na planta de Nostian. A non cobertura inmediata



destes postos de traballo pode ocasionar graves prexuízos e interrompir o normal funcionamento do Servizo de Medio Ambiente.

Do proceso resultante desta convocatoria pública poderá autorizarse ademais destes nomeamentos para a cobertura de vacantes, unha lista de agarda para nomeamentos de funcionarios/as interinos/as na categoría de Técnicos Superiores de Medio Ambiente, nas distintas modalidades previstas no art. 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. A duración da lista resultante deste proceso selectivo finalizará coa aprobación da lista de agarda derivada dos procesos selectivos para a cobertura da praza de Técnico Superior de Administración Especial (oferta ano 2016) e de Técnico Superior de Medio Ambiente (oferta ano 2018).

4. Os custos que orixinarán a cobertura das prazas sinaladas, para o que existe crédito adecuado e suficiente, imputaranse ás aplicacións orzamentarias 20-170-120.00 (soldo Grupo A1), 20-170-121.00 (comp. destino), 20-170-121.01 (comp. específico) e 20-170-160.00 (seg.social)."

2.- Por Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 08/05/2019 resolveuse entre outros o seguinte:

"La corrección del error material que afecta a la denominación de la convocatoria, quedaría de la forma siguiente:

«Anuncio de la convocatoria del proceso de selección para la contratación de dos plazas de Técnico Superior de Medio Ambiente»."

3.- Con data 07/08/2019, o secretario do tribunal xulgador do proceso selectivo convocado para a confección de lista de aspirantes para a cobertura con carácter interino, de prazas de Técnico/a Superior de Medio Ambiente nos distintos supostos regulados no art. 10.1 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, publicou un anuncio coas cualificacións finais que obtiveron os aspirantes que superaron o proceso.

As calificacións finais foron as seguintes:

Apellidos y Nombre	Ej. 1	Concurso	Total
VÁZQUEZ TRILLO, MARCOS ANTONIO	71,01	33,20	104,21
PARADA VÁZQUEZ, VÍCTOR JOSÉ	55,39	28,90	84,29
SÁNCHEZ CALZADA, ADELA	59,37	24,77	84,14
PERNAS CABO, RAÚL	64,39	0,00	64,39
QUEIJO CARREIRA, MARÍA BEGOÑA	57,08	3,20	60,28

4.- Tendo en conta o exposto, procede aprobar a lista confeccionada para a cobertura de prazas de Técnico/a Superior de Medio Ambiente nos distintos supostos regulados no art. 10.1 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, de conformidade coa Instrucción 4/17, polo que dita lista de agarda queda da seguinte forma:

Orde	Apellidos y Nombre	Ej. 1	Concurso	Total	Situación
1	VÁZQUEZ TRILLO, MARCOS ANTONIO	71,01	33,20	104,21	
2	PARADA VÁZQUEZ, VÍCTOR JOSÉ	55,39	28,90	84,29	
3	SÁNCHEZ CALZADA, ADELA	59,37	24,77	84,14	
4	PERNAS CABO, RAÚL	64,39	0,00	64,39	
5	QUEIJO CARREIRA, MARÍA BEGOÑA	57,08	3,20	60,28	



5.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019, atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior; e a substitución temporal está atribuída a Tenenta de Alcaldesa de Medio Ambiente e Sostibilidade, segundo o Decreto de data 24/07/2019.

Á vista do informe emitido polo Servizo de Persoal; o Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, en uso das facultades que ten atribuídas

RESOLVE:

1.- Deixar sen efecto calquera lista existente no Servizo de Persoal cuxo obxecto sexa a cobertura de prazas de Técnico/a Superior de Medio Ambiente.

2.- Aprobar a lista de agarda de confección urxente de listas para a cobertura de prazas de Técnico/a Superior de Medio Ambiente nos distintos supostos regulados no art. 10.1 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, de conformidade coa Instrucción 4/17, polo que dita lista de agarda queda da seguinte forma:

Orde	Apellidos y Nombre	Ej. 1	Concurso	Total	Situación
1	VÁZQUEZ TRILLO, MARCOS ANTONIO	71,01	33,20	104,21	
2	PARADA VÁZQUEZ, VÍCTOR JOSÉ	55,39	28,90	84,29	
3	SÁNCHEZ CALZADA, ADELA	59,37	24,77	84,14	
4	PERNAS CABO, RAÚL	64,39	0,00	64,39	
5	QUEIJO CARREIRA, MARÍA BEGOÑA	57,08	3,20	60,28	

A Coruña, na data de sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.
Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior